




Para contar esta historia, con emoción, é preciso ter vivido. É preciso saber o que doen os golpes, máis aínda os da vida que os dos puños e as luvas do adversario. Esta, no fondo, é unha historia de lealdades. De nobreza. Nas paredes do ximnasio as fotos son de Ali, de Pacquiao, de Rocky Marciano, ... pero o perfume do tempo que as decora achéganos ao neno que nos mira. Humildade, nobreza, constancia, traballo.

O coche avanza polas autopistas molladas do inverno, camiño da casa. Volve da intensidade, cruzando a chuvia, na procura de manta, solaz e colacao. Os rapaces, nos asentos traseiros, deitan as miradas nun silencio calmo, cansos dos quilómetros, da tensión, do ring.

Foron catro seguidas, directas, á cara, visiona novamente. Dereita, esquerda, esquerda, dereita, e olla con nitidez as imaxes en branco e negro, tal e como aparecen no youtube. Schmeling cae contra as cordas, nas que tenta apoiarse mentres Louis aproveita para castigalo no corpo. Ve que está tocado e volve a el, dálle catro ou cinco veces, sen defensa posible, e cando o alemán dá un paso adiante sente que é o momento de facelo caer ao chan. A Schmeling trémelle as pernas e non sente nada máis que dor, a dor das dúas costelas rotas, a dor anestesiada polo ruído das xentes que ollan o combate e berran, a dor do corpo todo caíndo contra a lona, a dor da derrota que colle forma inapelable no primeiro asalto.

Non creo que fose a derrota en si mesma, razoa para si, doíalle a consciencia do momento. Había un ano fora ao revés, ninguén pensaba que el fose capaz de vencer a Joe Louis, o bombardeiro de Detroit, doce KO's en quince combates no 35. Porén el vencera, aguantara e vencera, coas súas armas. Contra quen non puidera Uzcudun, Baer, Dorazzio...puidera el, un branquiño, un europeo descoñecido, diante daquela multitude de americanos atónitos no Yankee Stadium repleto de Nova Iorque, vendo caer derrotado, por vez primeira, ao grande Joe Louis.

Despois fixéronse amigos, di de súpeto en alto, e os rapaces míranos, sen saber de que fala. Louis tivo mala vida, acabou enfermo e perdéndoo todo, e Schmeling en cambio traballou e prosperou como representante da Coca Cola. Mira ti. De feito foi Schmeling quen pagou o enterro de Louis, e o tratamento dos últimos anos da súa enfermidade.

Os rapaces míranse e sorrín. *Mira en que ía pensando.* Non os sorprende, con todo.

Para contar esta historia, con emoción, é preciso ter vivido. É preciso saber o que doen os golpes, máis aínda os da vida que os dos puños e as luvas do adversario. Esta, no fondo, é unha

historia de lealdades. De nobreza. Nas paredes do ximnasio as fotos son de Ali, de Pacquiao, de Rocky Marciano, ... pero o perfume do tempo que as decora achéganos ao neno que nos mira. Humildade, nobreza, constancia, traballo.

Ese neno cambia. Medra cos amigos na Grande Obra de Atocha e aprende a importancia de tratar a todo o mundo por igual. Ese neno xa non é tan neno e pon outravolta no radiocassete a cinta de Leño, gastada polo uso, escoitando *Maneras de vivir*. Debuxa no ar upercats de esquerda, directos á cara dos problemas, e esfórzase por se manter fiel a si mesmo. Ten dez, ou once, ou doce anos, e xoga pachangas de fútbol no campo da Pena, soñando emular Arconada. Ou fai horas e horas de traballo para axudar na casa. Ou ten trinta e cinco e custa chegar a fin de mes, pero hai que pelexar polo soño que se busca. Ou ten menos, morre o pai e hai que atender como se debe o negocio familiar. Todos eses intres son del, momentos da vida dese neno que medra e perde a inocencia e ama o boxeo e xestiona un ximnasio. Quen agora conduce o coche xa entrando na Coruña e pregunta aos rapaces onde os deixa, un por un.

A noite péchase alta sobre o cemento. *O boxeo é un deporte duro*, pensa para si. A preparación física, a resistencia aos golpes –que se ten ou non se ten–, as renuncias que esixe. Pero merece a pena. A él merécella, si. Merécea cada vez que abate a altivez adolescente dos rapaces e lles mostra que o único camiño admisible é o da humildade. Merécea cando nota o afecto dos que o rodean, a confianza e a lealdade que lle teñen. Merécea, sobre todo, cando quen entrou pola porta con rabia e sen saídas atopa con el portas para unha vida diferente.

- Ata mañá! Hoxe a durmir, nada de esmorga, eh! Hai que descansar os corpos, que mañá é outro día!

Os rapaces baixan e fanlle un aceno coñecido, de despedida.

Non lonxe, dúas rúas cara abaixo, por detrás do cruceiro da praza dos Mariñeiros Muhammad Ali sorrí orgulloso desde o mural pintado na parede, coa fachenda negra dos membros da Nación do Islam. *I´m black and i´m proud*. Quen di negro, claro está, di pobre, di muller, di kurdo, di maricón, di obreiro. Esa dor mastígase nos dentes, proe como unha ferida, e despois muda en orgullo pola propia identidade. As cicatrices son marcas que nos delatan, que nos lembran quen somos, de onde vimos, o duro que foi o camiño.

A noite péchase alta, sobre o cemento compacto da Agra. E alguén que son eu e non estou alí asubía, con ritmo de reggae, *Redemption Song*.